



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN

PARTE ESPECÍFICA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que lle indiquen.
 - Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
 - Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
 - Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
 - O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
 - Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
 - En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
 - Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
 - As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
 - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
 - Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
 - Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
 - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
 - Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
 - Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.
- **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**
- **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. Cal é unha das principais funcións do xornalista sanitario?
 - A) Promoción da saúde e prevención da enfermidade (por exemplo, campaña da gripe).
 - B) Establecer relacións de calidade entre os membros dunha institución sanitaria para acabar cos "ruídos" comunicativos.
 - C) Evitar que os medios de comunicación falen da institución sanitaria.
 - D) Ningunha das anteriores.

2. Defina a cultura corporativa:
 - A) Son as normas, valores e pautas de comportamento compartidos polos que se rexen os membros da organización.
 - B) É a concepción global da organización establecida pola dirección.
 - C) É a relación entre os tres elementos básicos da entidade corporativa: organización, competencia e público.
 - D) É a comunicación do perfil corporativo, dos seus valores e pautas.

3. Cal destas non é unha fonte especializada de información?
 - A) Imaxes.
 - B) Gravacións.
 - C) Portavoz de organismo público.
 - D) Todas son fontes primarias.

4. Que é a organización de eventos?
 - A) É o proceso de deseño, planificación e produción de congresos, festivais, cerimoniais, festas, convencións ou outro tipo de reunións, cada unha das cales pode ter diferentes finalidades.
 - B) É o proceso de deseño, planificación e produción de congresos, festivais, cerimoniais, festas, convencións ou outro tipo de reunións, todas coas mesmas finalidades.
 - C) É o proceso de planificación de congresos ou outro tipo de reunións.
 - D) Ningunha das anteriores.

5. Que directiva da UE establece as normas xerais de calidade e seguridade do sangue humano e os seus compoñentes?
 - A) 2002/98/CE.
 - B) 2002/90/CE.
 - C) Ningunha das anteriores.
 - D) Non existe tal norma.

6. Que son os Mockups?
 - A) Unha metodoloxía de deseño fundamentada na diagramación das páxinas web.
 - B) Unha metodoloxía de deseño fundamentada na diagramación das estruturas de fluxos informativos.
 - C) Unha metodoloxía de deseño fundamentada na diagramación das estruturas informáticas.
 - D) Unha rutina produtiva na elaboración de contidos dixitais.

7. É o mesmo comunicación institucional ca comunicación corporativa?
- A) Non, a comunicación corporativa ou organizacional é aquela que se desenvolve dentro da empresa.
 - B) Si, tanto a comunicación institucional como a corporativa realízanse de modo organizado para unha institución.
 - C) Non, a comunicación corporativa só pode desenvolverse dentro da empresa.
 - D) Ningunha das anteriores.
8. Son factores que definen a identidade corporativa:
- A) A comunicación corporativa.
 - B) O comportamento corporativo.
 - C) A identidade visual.
 - D) Todas son correctas.
9. En Europa contan cunha lei de acceso á información:
- A) Todos os países membros do Consello de Europa.
 - B) Todos os países europeos, excepto Andorra, Malta, Mónaco e Luxemburgo.
 - C) Todos os países, excepto Andorra, Malta, Mónaco, España e Portugal.
 - D) Todos os países do Arco Atlántico.
10. Cal destas respostas é incorrecta en relación cun plan de comunicación dun departamento de promoción da doazón?
- A) Proporcionarlles aos medios un calendario.
 - B) Distribuír unha memoria coas causas das desviacións.
 - C) Facilitar unha conexión inmediata cos medios.
 - D) Conseguir que os medios axuden a manter a impresión dominante no punto crítico.
11. Aspectos clave que ten que coidar o portavoz sanitario:
- A)
 - As mensaxes clave que hai que transmitir e o argumentario que as sostén.
 - As potenciais preguntas e respostas que se poden formular.
 - B) A rapidez na comparecencia.
 - C) Non debe permitir preguntas nunha comparecencia para evitar desviar o tema de atención.
 - D) Ningún dos anteriores.
12. A información nos novos soportes debe fudamentarse:
- A) Na estrutura da pirámide invertida.
 - B) Na estrutura hipertextual con fondura relacional.
 - C) En calquera das dúas anteriores.
 - D) En ningunha das anteriores.
13. Que é un discurso de crise?
- A) A primeira versión do sucedido, polo xeral un comunicado conciso para gañar tempo e organizarse.
 - B) A primeira comparecencia do máximo responsable da organización empresarial.
 - C) As declaracións do portavoz cunha posición clara e coherente sobre o conflito.
 - D) A declaración da organización cunha posición clara e compartida por todos sobre o conflito: causas, responsabilidades, implicacións...

14. Que significa o principio da mensaxe única?
- A) Que a organización ha contar cun único portavoz para dirixirse aos seus públicos.
 - B) Que os que actúen en nome da organización han seguir o mesmo discurso e patrón en cada momento da crise.
 - C) A e B son correctas.
 - D) A e B son incorrectas.
15. Para elaborar a monitoraxe dos resultados da actividade de promoción estúdanse:
- A) Enquisas de doadores.
 - B) Enquisas da poboación.
 - C) Estatísticas.
 - D) Todas as anteriores.
16. A que se chama blended márketing?
- A) A unha estratexia de márketing en liña.
 - B) A unha estratexia que mestura accións en liña e noutros soportes.
 - C) A unha estratexia exclusiva de soportes convencionais.
 - D) A unha estratexia de márketing persoal.
17. Que tipos de portavoz define Alvaro Martinez?
- A) Interno e externo.
 - B) Institucional e xenérico.
 - C) Ambas son correctas.
 - D) Ningunha é correcta.
18. En relación co labor dos gabinetes de prensa nas institucións oficiais e empresas públicas, é incorrecto:
- A) Son órganos de transmisión de información que van de dentro a fóra.
 - B) Son un instrumento teórico de defensa e proxección dos intereses do organismo ao que serven.
 - C) Ofrecen información aos órganos reitores da institución ou empresa.
 - D) A e C son correctas.
19. Para reiniciar o equipo con Windows 7, accedemos a:
- A) Reiniciar, no menú Inicio.
 - B) Reiniciar, na barra de tarefas.
 - C) Botón de apagado.
 - D) Non é posible con Windows 7.
20. Cales son as características do xornalismo especializado?
- A) Subestimar as roldas de prensa.
 - B) Explicación elaborada con linguaxe técnica.
 - C) Recorrer á documentación escrita.
 - D) Todas son correctas.

21. Indique cal destes elementos non responde ao modelo de Lieb de niveis de estruturación:
- A) Flash informativo.
 - B) Noticia de documentación.
 - C) Acompañamento gráfico.
 - D) Noticia completa.
22. Unha entrevista debe incluír sempre:
- A) Un perfil do entrevistado.
 - B) Unha fotografía.
 - C) Unha entradiña.
 - D) Unha biografía do entrevistado.
23. Transparencia proactiva é:
- A) A obrigaón dos organismos públicos de publicar e dar a coñecer a información sobre as súas actividades, orzamentos e políticas.
 - B) O dereito dos cidadáns para recibir información.
 - C) A base duns medios públicos plurais.
 - D) Un condicionante da liberdade de expresión.
24. A comunicación da identidade corporativa 2.0 caracterízase por:
- A) Utilizar novas narrativas que permiten identificar mellor a misión e os valores da entidade.
 - B) A arquitectura hipertextual, multimedia e a inmediatez.
 - C) Permitir a retroalimentación cos públicos.
 - D) Usar novas linguaxes adaptadas a Internet.
25. Cantos sistemas existen para a colocación dos asistentes nas mesas?
- A) Dous, o francés e o inglés.
 - B) Depende de quen vai presidir.
 - C) O de aspas e o de reloxo.
 - D) Ningunha das anteriores.
26. A lexislación española que afecta á televisión tamén debe ser cumprida polos operadores de IPTV?
- A) Non, porque os protocolos IP non están recollidos nas diferentes normas.
 - B) Non, porque a IPTV é un modelo que non se consolidou en España.
 - C) Si, porque a lei afecta a todos os operadores de TV.
 - D) Si, porque é un servizo público.
27. Non é función dun portavoz:
- A) Mellorar a eficacia da comunicación.
 - B) Formar, asesorar e acompañar.
 - C) Ofrecer e difundir informacións contrastadas.
 - D) Ningunha é correcta.
28. A información en Internet debe ser:
- A) Contrastada e revisada.
 - B) Inmediata e constante.
 - C) Interactiva e multimedia.
 - D) Actual e veraz.

29. En que consiste un "muro de pagamento"?
- A) Nun proceso organizado polos estados para que os operadores de telecomunicacións paguen un canon.
 - B) Nun sistema de pagamento na venda en máquinas de xornais e revistas.
 - C) Nun modelo de negocio dos cibermedios.
 - D) Nun imposto polo uso dous medios públicos.
30. Que é fundamental crear nunha crise?
- A) Un gabinete de crise que elabore as mensaxes.
 - B) Unha canle de comunicación.
 - C) Unha selección dos receptores.
 - D) Ningunha das anteriores.
31. Marque a diferenza entre a xestión da identidade corporativa dunha empresa e a dunha institución pública:
- A) A Administración pública ten a obrigaón de informar a cidadanía e a empresa non.
 - B) A comunicación institucional utiliza sobre todo a publicidade e as empresas "publicity".
 - C) Non hai diferenzas.
 - D) A institución pública está encargada de crear climas de opinión e a empresa de vender produtos.
32. Que é a talasemia?
- A) Unha afección hereditaria que obriga a quen a ten a someterse a transfusións de sangue durante toda a súa vida.
 - B) A talasemia é a doazón frecuente de sangue e os seus hemoderivados.
 - C) É unha enfermidade que non se dá nos países desenvolvidos.
 - D) Ningunha das anteriores.
33. Que é un gabinete de comunicación sanitaria profesionalizado?
- A) Unha canle transcendental para lles proporcionar datos substanciais e complementarios aos medios informativos no proceso de produción de informacións.
 - B) Un servizo encargado de comunicar noticias sanitarias de carácter positivo e referido a unha institución en particular.
 - C) Unha mensaxe transcendental para os medios de comunicación social que traballen no ámbito desa institución.
 - D) Ningunha das anteriores.
34. Héctor Borrat establece unha tipoloxía de fontes de información abertas, segundo o tipo de actuación, que define como:
- A) Aquelas que asumen a iniciativa de informar os medios.
 - B) Aquelas que non opoñen resistencia, pero tampouco asumen a iniciativa de informar.
 - C) Aquelas que toman a iniciativa de informar con todos os recursos ao seu alcance.
 - D) Aquelas que están dispostas a informar en calquera tipo de circunstancia.

35. Cales dos seguintes niveis de análises do xornalismo especializado segundo Mar Fontcuberta non é correcto?
- A) Produtivo.
 - B) Interpersoal.
 - C) Individual.
 - D) Organizativo.
36. O xornal La Voz de Galicia ten un formato:
- A) Saba.
 - B) Tabloide.
 - C) A3.
 - D) A4.
37. Para ver unha lista con todos os dispositivos, cartafoles e arquivos, podemos premer a icona:
- A) Barra de ferramentas.
 - B) Equipo.
 - C) Bibliotecas.
 - D) Novo cartafol.
38. A estrutura reticular é:
- A) Unha estrutura hipertextual.
 - B) Unha estrutura hipermedia.
 - C) Unha estrutura exclusiva dos videoxogos.
 - D) Unha estrutura visual.
39. Que tipos de notas de prensa hai?
- A) Divulgativas e preventivas e as propias de información específica da institución ou da área sanitaria.
 - B) Para o público en xeral e para o público especializado.
 - C) Divulgativas e preventivas.
 - D) Ningunha das anteriores.
40. O recoñecemento de voz de Windows 7 permítenos:
- A) Manexar practicamente todas as funcións sen utilizar o teclado.
 - B) Manexar só o procesador de textos.
 - C) Recoñecer o usuario.
 - D) Non ten recoñecemento de voz.
41. Cantos son os métodos máis eficaces de captación de sangue?
- A) Anuncios en TV, captación por outros doadores, anuncios de radio, campañas de correo directo e campañas telefónicas.
 - B) Captación por outros doadores e campañas telefónicas.
 - C) Anuncios en TV e radio.
 - D) Ningunha das anteriores.
42. Un talk-show considérase:
- A) Un xénero informativo.
 - B) Un xénero de entretemento radiofónico ou televisivo.
 - C) Un xénero de ficción.
 - D) Un xénero mixto.

43. Que establece a Constitución española no seu artigo 4.2 en relación co uso da bandeira de España e doutras bandeiras e insignias?
- A) Que as bandeiras e insignias propias das comunidades autónomas se utilizarán xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos e nos seus actos oficiais.
 - B) Que as bandeiras e insignias propias das comunidades autónomas non se utilizarán xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos e nos seus actos oficiais.
 - C) Que as bandeiras e insignias propias das comunidades autónomas só se utilizarán xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos.
 - D) Que as bandeiras e insignias propias das comunidades autónomas non se utilizarán xunto á bandeira de España nos seus actos oficiais.
44. Un gabinete de prensa dun centro de transfusións debe:
- A) Ser un servizo permanente da comunidade.
 - B) Non comunicar os logros para non debilitar as obxeccións dun doador potencial.
 - C) Emitir informacións porque reforzan a presenza do doador esporádico.
 - D) Nas informacións emitidas debe primar a promoción da saúde sobre o carácter noticioso.
45. Nun sistema democrático, o dereito de acceso á información é unha ferramenta esencial para:
- A) Que a sociedade teña mecanismos de control político.
 - B) Que o cidadán a través do seu uso faga valer os seus dereitos fronte ao Estado.
 - C) Facilitar a participación política.
 - D) Garantir a igualdade de oportunidades ante a lei.
46. Quen asume en España a recadación económica derivada da xestión dos dereitos de autor:
- A) O Ministerio de Facenda.
 - B) Os distribuidores.
 - C) As sociedades de xestión.
 - D) As comunidades autónomas.
47. Cales son as motivacións para doar sangue?
- A) Altruísmo.
 - B) Incentivos.
 - C) Presión social.
 - D) Todas as anteriores.
48. Cales son as estratexias que se han seguir para acometer a situación xerada tras unha crise?
- A) Reforzo de imaxe, lavado de imaxe e cambio de imaxe.
 - B) Reforzo de imaxe e lavado de imaxe.
 - C) Cambio de imaxe.
 - D) Ningunha das anteriores.

49. Nos países da Unión Europea, é optativa a colocación da súa bandeira nos distintos centros oficiais? Soamente é de carácter obrigatorio en sedes que teñan que ver (relación) coa Unión Europea.
- A) Si, soamente é de carácter obrigatorio en sedes que teñan que ver (relación) coa Unión Europea.
 - B) É sempre obrigatorio o seu uso.
 - C) Só poderá utilizarse xunto á bandeira de España nos seus edificios públicos.
 - D) Ningunha das anteriores.
50. Que amosa o modelo integrador de comunicación de Kreps (1990)?
- A) A imaxe corporativa dunha institución.
 - B) A organización dun gabinete de comunicación dunha institución.
 - C) A maneira en que están relacionadas a comunicación interna e externa.
 - D) O modelo de toma de decisión nunha situación de crise.
51. A estrutura dunha noticia televisiva debe ser:
- A) Igual ca a dos medios impresos, en pirámide invertida.
 - B) Entrada, contido e peche.
 - C) Presentación, nó e desenlace.
 - D) Imaxe, entrada, contido e peche.
52. Os xornalistas que desenvolven o seu labor nun gabinete de prensa dunha institución pública se cometen un delito como causa dunha imprudencia no desempeño do seu labor teñen:
- A) Responsabilidade penal.
 - B) Responsabilidade penal e civil.
 - C) Responsabilidade patrimonial.
 - D) Responsabilidade civil.
53. A presidencia —lugar “preferente” na mesa— poden ocupala unha ou varias persoas tendo en conta a quen se lle rende homenaxe?
- A) A presidencia sempre debe ser individual e intransferible.
 - B) Ten que ser individual porque coincide co anfitrión (invitador).
 - C) A presidencia na mesa poden ocupala unha ou varias persoas.
 - D) Ningunha das anteriores.
54. Que son pseudoeventos?
- A) Eventos que xorden sen estaren planificados.
 - B) Acontecementos de gran relevancia nos que tamén participan os medios de comunicación.
 - C) Eventos planificados para a presenza de medios de comunicación de xeito prioritario.
 - D) Eventos planificados que non acadan os obxectivos previstos.
55. Pódense escribir notas rápidas en Windows 7?
- A) Si, co accesorio de notas rápidas.
 - B) Si, co accesorio recorte.
 - C) Non, carece desta función.
 - D) Non, só notas de voz.

56. Que son os xornalistas de gabinetes sanitarios?
- A) Son os enlaces entre os profesionais sanitarios e os xornalistas dos medios, tradutores e transmisores dunha información especializada para que estes últimos desenvolvan posteriormente o seu labor de portavoces da opinión pública.
 - B) Son transmisores dunha información especializada.
 - C) Son portavoces da opinión pública.
 - D) Ningunha das anteriores.
57. Como define a televisión a lexislación?
- A) Como servizo público.
 - B) Como servizo universal.
 - C) Como servizo privado.
 - D) Como servizo por ondas electromagnéticas.
58. Que peculiaridade ten a organización de actos públicos con respecto aos privados?
- A) A planificación dun acto público reviste unha complexidade maior en documentación ca un privado, posto que esixe unha serie de requisitos administrativos e burocráticos.
 - B) A planificación dun acto público reviste a mesma complexidade maior en documentación ca un privado, posto os requisitos son os mesmos.
 - C) A planificación dun acto público reviste unha complexidade maior na etiqueta ca un privado, posto que esixe máis requisitos formais.
 - D) Ningunha das anteriores.
59. Unha das vantaxes de contar cun portavoz na institución sanitaria é:
- A) Reduce os riscos que poden derivar dunha presenza inadecuada da institución nos medios, nas redes sociais ou en intervencións públicas pouco preparadas.
 - B) A rapidez na comparecencia.
 - C) Coa súa presenza, aumenta o número de medios de comunicación que acode a unha comparecencia.
 - D) Ningún dos anteriores.
60. O eixe principal da teoría da "personal influence" é:
- A) Os medios de comunicación inflúen directamente na persoa.
 - B) As persoas inflúen continuamente na configuración da axenda dos medios de comunicación.
 - C) A influencia dos líderes locais é maior ca a dos medios de comunicación.
 - D) Os medios de comunicación crean líderes de opinión.
61. Nos tipos de atribución de fontes, enténdese por atribución con reservas:
- A) Cando a noticia non se pode publicar nin se pode atribuír.
 - B) Cando o medio non menciona a fonte e conta as informacións como se fosen propias.
 - C) Cando non se cita explicitamente a fonte, pero se sitúa nun contexto e poden citarse as súas informacións.
 - D) Cando se agarda á confirmación dos feitos adiantados pola fonte.

62. Que significa o concepto "neutralidade na rede"?
- A) Un concepto legal que garante o libre fluxo da información por Internet.
 - B) Un manifesto que reivindica que a rede non debe pertencer a ningunha operadora.
 - C) Un concepto que defende a non intervención do Estado nos procesos de consumo de información a través de Internet.
 - D) Unha disposición legal que lles impide aos Estados utilizar as redes.
63. Á hora de garantir a efectividade da mensaxe escrita, é incorrecto:
- A) Utilizar un vocabulario demasiado técnico.
 - B) Evitar siglas.
 - C) Identificar a institución con logotipos.
 - D) Todas son correctas.
64. Defina branding:
- A) É o proceso de xestión (identificación, estruturación e comunicación) dos atributos propios de identidade para crear e manter vínculos relevantes cos seus públicos.
 - B) É o proceso de xestión (identificación, estruturación e comunicación) dos valores propios de identidade para crear e manter vínculos relevantes cos seus accionistas.
 - C) É o proceso de xestión (identificación, estruturación e comunicación) dos atributos propios de identidade para crear e manter vínculos relevantes cos traballadores.
 - D) É o proceso de xestión da cultura da institución pública para crear e manter vínculos relevantes cos seus públicos.
65. Onde atopamos a barra de tarefas?
- A) No menú de Inicio.
 - B) Na barra de tarefas.
 - C) En calquera lateral da pantalla.
 - D) No menú de Ferramentas.
66. Que non debe facer un portavoz na xestión dunha crise?
- A) Lerlles un comunicado oficial aos medios.
 - B) Seleccionar a mensaxe para difundir.
 - C) Ofrecer e difundir informacións contrastadas.
 - D) Ningunha é correcta.
67. Nas comparecencias públicas, os portavoces deben:
- A) Mellorar a eficacia da comunicación.
 - B) Usar retirosos.
 - C) Ofrecer e difundir informacións contrastadas.
 - D) Ningunha é correcta.
68. Na cultura anglosaxoa, o formato saba é o que utilizan:
- A) Os medios de referencia.
 - B) Os medios sensacionalistas.
 - C) As revistas de actualidade.
 - D) A prensa local.

69. En Galicia, o sector audiovisual está definido como estratéxico:
- A) Non está definido pero sobreenténdese.
 - B) Si, na Lei do audiovisual de 2009.
 - C) Si, na Lei de 1999.
 - D) Non está definido.
70. O lead de sumario inclúe:
- A) Varios elementos que conforman o eixe principal da peza informativa.
 - B) Un resumo da peza informativa.
 - C) Na información xudicial, un resumo do sumario do caso.
 - D) A explicación do título da noticia.
71. Unha reportaxe multimedia caracterízase por:
- A) Ser interactiva.
 - B) Ter unha mellor calidade gráfica.
 - C) Estar conectada a bases de datos en liña.
 - D) Ter imaxe e son.
72. Cales son as fases da crise?
- A) Preliminar, aguda, crónica e postraumática.
 - B) Interna e externa.
 - C) Aguda e crónica.
 - D) Ningunha das anteriores.
73. En que formatos pode darse a información e recomendacións antes da doazón de sangue?
- A) Verbalmente, en folletos impresos, por correo e en formato electrónico.
 - B) Sempre verbalmente.
 - C) Sempre por escrito.
 - D) Ningunha das anteriores.
74. YouTube creou un novo xénero televisivo:
- A) Porque permite a organización de produtos audiovisuais.
 - B) Porque incorpora narrativas cidadás ao discurso xornalístico.
 - C) Porque posibilita a utilización de novas narrativas audiovisuais.
 - D) Non creou un novo xénero televisivo.
75. O xénero xornalístico da crítica debe ser:
- A) Construtivo e de interese para o público.
 - B) Desenvolverse con estilo preciso e áxil.
 - C) Ameno, claro e breve.
 - D) Sobre temas de grande actualidade.
76. Cales son os públicos obxectivo nunha situación de crise?
- A) Interno (traballadores), externo (sociedade, medios de comunicación), líderes de opinión e autoridades.
 - B) Interno e externo.
 - C) Traballadores e sociedade.
 - D) Traballadores e medios de comunicación.

77. Que tese defende o informe RIO?
- A) Que existe unha clara intención das organizacións informativas internacionais para inhibir fontes de información informativas.
 - B) Que os Estados deben crear modelos de políticas de comunicación fundamentadas na cooperación.
 - C) Que se deben coordinar as políticas de comunicación dos Estados membros da Unión Europea.
 - D) Que os medios públicos europeos deben estar coordinados.
78. Cal destas obrigacións se establece na Lei orgánica de transparencia e acceso á información pública?
- A) Que é necesario facer efectivo o principio de publicidade dos actos, contratos e xestións das institucións do Estado e daquelas financiadas con recursos públicos ou que pola súa natureza sexan de interese público.
 - B) O acceso á información pública non pode converterse nun dereito das persoas debido a que o seu contido pode ser de carácter sensible para a seguridade do Estado.
 - C) Que non é necesario facer efectivo o principio de publicidade dos actos, contratos e xestións das institucións do Estado e daquelas financiadas con recursos públicos ou que pola súa natureza sexan de interese público.
 - D) Ningunha das anteriores.
79. Que é o NOMIC?
- A) A estratexia da Unión Europea para as políticas de comunicación.
 - B) As demandas dos países non aliñados e do terceiro mundo nos anos sesenta.
 - C) O modelo de política de comunicación das institucións europeas.
 - D) Unha organización en defensa da comunicación non publicitaria.
80. Como define Joan Costa o dircom?
- A) Como estratega, con coñecementos xeneralistas e polivalente.
 - B) Como especializado, con dotes de mando e integrado na organización.
 - C) Como profesional, bo relacións públicas e estratega.
 - D) Como comunicador con contactos non sector mediático.
81. Defina o indicador ou conxunto visual (ou emblema corporativo):
- A) A combinación estable e estruturada formada polo símbolo, o logotipo e a cor corporativa.
 - B) A forma tipográfica preferente utilizada pola empresa para presentar a súa denominación principal corporativa, e que conforma un estilo gráfico específico e a dota de identidade visual propia.
 - C) A gama de tonalidades básicas e constantes que sustenta a identidade visual da entidade no seu aspecto cromático.
 - D) O contido do manual de identidade corporativa.
82. O plan de comunicación de crise é:
- A) O instrumento que marca o rumbo na estratexia de xestión da crise e a maneira de comunicala.
 - B) Un instrumento valioso pero prescindible.
 - C) Un manual para profesionais.
 - D) A e C son correctos.

83. Segundo Italo Pizzolante, como poden ser os portavoces dunha institución?
- A) Bos oradores ou malos oradores.
 - B) Constantes ou puntuais.
 - C) Oficiais ou non oficiais.
 - D) Profesionais ou non profesionais.
84. Que ferramenta incorpora Windows 7 para protexer o sistema?
- A) Windows list.
 - B) Windows hacker.
 - C) Firewall list.
 - D) Windows defender.
85. Que se entende por campaña publicitaria?
- A) É un plan extenso para unha serie de anuncios diferentes, pero relacionados, que aparecen en diversos medios durante un período específico.
 - B) É o proceso de deseño e produción de anuncios diferentes, pero relacionados.
 - C) É un plan extenso para unha serie de anuncios diferentes, non relacionados entre si, que aparecen en diversos medios durante un período específico.
 - D) Ningunha das anteriores.
86. Nos tipos de atribución das fontes, enténdese por atribución con reservas:
- A) Cando non se cita explicitamente a fonte, pero se sitúa nun contexto e poden citarse as súas informacións.
 - B) Cando o medio non menciona a fonte e conta as informacións como se fosen propias.
 - C) Cando a noticia non se pode publicar nin se pode atribuír.
 - D) Cando se dubida da fiabilidade da fonte.
87. A quen vai dirixida a comunicación institucional?
- A) A comunicación institucional é aquela que vai dirixida ás persoas e grupos da contorna social onde se realiza a súa actividade.
 - B) A comunicación institucional vai dirixida exclusivamente a grupos da contorna social.
 - C) A comunicación institucional vai dirixida exclusivamente ás persoas que pertencen a esa institución.
 - D) Ningunha das anteriores.
88. Ante unha crise, en comunicación son aliados...
- A) A ocultación de información e a distancia.
 - B) A investigación e o tempo.
 - C) A e B son correctas.
 - D) A e B son incorrectas.
89. Deben usarse as fontes anónimas?
- A) Si, sempre.
 - B) Nunca.
 - C) Só se deben usar se existe a seguridade de que son fiables.
 - D) Si, se se logra contrastar a información de tres fontes máis.

90. Quen é o responsable da escada informativa nun telexornal?
- A) O editor.
 - B) O xornalista.
 - C) O realizador.
 - D) O xefe de informativos.
91. Cantos tipos concretos de doadores establece a UE?
- A) Posible doador e novo doador.
 - B) Doador habitual e doador retirado.
 - C) Doador, posible doador, novo doador rexistrado, novo doador, doador habitual, doador recuperado, doador en retirada, doador inactivo, doador retirado.
 - D) Ningunha das anteriores.
92. Para ver as ventás abertas, que combinación de teclas debemos empregar en Windows 7?
- A) Ctrl+Tabulador.
 - B) Alt+Tabulador.
 - C) Ctrl+Maiúsculas.
 - D) Alt+Ctrl.
93. Cal é a principal achega do "Libro branco. Crecemento, competitividade e emprego. Os desafíos e as vías para entrar no século XXI" da UE?
- A) Que os sistemas públicos europeos deben garantir o dereito á información.
 - B) Que as industrias culturais son un motor da economía.
 - C) Que a sociedade da información precisa dun sistema de tecnoloxía competitiva.
 - D) Que as empresas informativas deben quedar á marxe dos tratados de libre comercio.
94. En situacións de crises, que afirmacións son correctas?
- A) Aínda que as causas poden ser variadas, as súas consecuencias son similares: perda de confianza interna e externa na organización, polémica mediática, perda de cota de mercado...
 - B) Aínda que as consecuencias poden variar, as causas son sempre as mesmas: accidentes, catástrofes, fallos...
 - C) As causas e as consecuencias van depender sempre da xestión da organización.
 - D) Ningunha delas.
95. Que significa "xornal postelevisivo"?
- A) Un xornal deseñado para ver despois da televisión.
 - B) Un concepto que afecta ao deseño dos medios impresos a causa da influencia da televisión.
 - C) Un xornal ou revista que elaboran os gabinetes de prensa das televisións.
 - D) Un xornal en liña que incorpora vídeos.
96. A resposta correcta en relación cos gabinetes de comunicación na institución pública é:
- A) É un instrumento da área de recursos humanos.
 - B) A comunicación que se establece cos medios ten carácter bidireccional.
 - C) A e B son correctas.
 - D) Ningunha das anteriores.

97. Os obxectivos sobre os que xirará a estratexia da imaxe corporativa dunha institución pública son:
- A) Misión, valores, competitividade e referencia.
 - B) Identificación, diferenciación, referencia e preferencia.
 - C) Misión e valores.
 - D) Identificación, estrutura, xerarquía e referencia.
98. A teoría "two step flow of communication" naceu no seguinte contexto:
- A) A finais do século XX, para contrarrestar os efectos da primeira guerra do Golfo.
 - B) Coa invención das rotativas, para mellorar os procesos de comunicación de masas.
 - C) Nos anos corenta, para demostrar que a radio tiña unha influencia limitada na audiencia.
 - D) Coa transición dixital como consecuencia da compresión de datos.
99. Son características da linguaxe xornalística especializada:
- A) O uso da linguaxe especializada adoita ser estratéxico.
 - B) A linguaxe no xornalismo científico une linguaxe cotiá e especializada.
 - C) Popper sinala que a tarefa de escurecer un texto é máis fácil que aclarar un texto escuro.
 - D) A e C son correctas.
100. Cal dos seguintes non é considerado un elemento clave nas campañas de márketing do cambio social?
- A) Axente de cambio.
 - B) Estratexia de cambio.
 - C) Custos xerais.
 - D) A e C son correctas.
101. Cales son os axentes que poden xerar unha crise?
- A) Externos (por exemplo, naufraxio) e internos (por exemplo, fallo de aparataxe).
 - B) Externos e colaterais.
 - C) Internos e colaterais.
 - D) Ningunha das anteriores.
102. Stuart Hall entende que:
- A) A alta cultura non se fundamenta en regras contextuais.
 - B) A baixa cultura se basea na lóxica e no razoamento verbal individual.
 - C) A alta e a baixa cultura son froito do marxismo.
 - D) Para os medios non existen nin altas nin baixas culturas.
103. Que porcentaxe de descargas ilegais de audiovisual se fai en España?
- A) Entre o 70 % e o 80 %.
 - B) O 100 %.
 - C) O 90 %.
 - D) Menos do 50 %.

- 104.** As invitacións aos doadores poden ser?
- A) Persoais.
 - B) Xerais.
 - C) Ambas.
 - D) Ningunha das anteriores.
- 105.** Son fontes institucionais do sistema público de saúde:
- A) O Ministerio de Sanidade.
 - B) A Axencia do Medicamento.
 - C) A Sociedade Española de Administración Sanitaria.
 - D) Ningunha é correcta.
- 106.** Que se denomina unha noticia non editada?
- A) Unha información formada polas imaxes en bruto.
 - B) Unha información sen corrixir, paso previo da emisión.
 - C) Un modelo de información fundamentado no Dogma 95.
 - D) Unha noticia elaborada pero que queda sen emitir.
- 107.** A que nos referimos con crise en comunicación?
- A) A calquera feito inevitable ou catastrófico que sucede nunha empresa ou organización.
 - B) A unha disfunción corporativa.
 - C) A unha situación económica que pon en risco o futuro da organización.
 - D) A calquera suceso fortuíto ou non que dana a imaxe e a reputación da organización.
- 108.** En que categorías poden clasificarse as mensaxes que se envían ao público en xeral?
- A) Mensaxes informativas directas, emocionais e as de cuestións públicas delicadas, como alertas vermellas.
 - B) Mensaxes informativas e divulgativas.
 - C) Mensaxes informativas directas e emocionais.
 - D) Ningunha das anteriores.
- 109.** Na actual contorna en liña, unha institución pública con presenza en redes sociais debe:
- A) Intentar controlar a mensaxe institucional, pechando todas as vías de comunicación e atendendo á identidade corporativa.
 - B) Xestionar a mensaxe emitida e as mensaxes creadas polos públicos a través dun plan de comunicación corporativo no que se atenda á identidade corporativa.
 - C) Contestar unicamente aquelas mensaxes favorables á entidade transmitidas polos públicos e incluídos no plan de comunicación integral.
 - D) Unha institución pública nunca debería estar en redes sociais.
- 110.** As grandes contribucións da Escola de Chicago centráronse:
- A) No estudo da opinión pública.
 - B) No estudo da formación dos xornalistas.
 - C) No estudo das condicións laborais dos xornalistas.
 - D) No estudo da propiedade dos medios.